



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 225 · Mércores, 29 setembro 2010

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Adxudicación definitiva da execución da obra "Obra civil para seis plantas depuradoras nodrizas de augas residuais domésticas e de lodos de fosas sépticas de pequenos núcleos de poboación do rural ourensán, no marco dos proxectos Delorur, Terras do Avia e Arraiano" - termos municipais do Barco de Valdeorras, Maside e Xinzo de Limia, financiados mediante axudas FEDER- Eixe 5- Desenvolvemento Local e Urbano -período 2007-2013, PO rexional de Galicia, convocatoria 2007-adoptada por Decreto desta Presidencia provincial do 2 de agosto de 2010 .....	2
Desistencia da convocatoria de licitación para a contratación da execución da obra de acondicionamento da estrada provincial Gustei (N-525)-Os Peares (N-120). Tramo Gustei-Ponte da Barra .....	2

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Castro Caldelas

Convocatoria do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de servizos da "Redacción do Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico do Concello de Castro Caldelas" .....	3
Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar (SAF) .....	3
Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de axuda no fogar .....	35

#### V. TRIBUNAIS E XULGADOS

##### Xulgado do Social n.º 1 de Ourense

Citación para acto de conciliación e xuízo a Construcciones Rutunel, SL, nos autos de procedemento ordinario 579/10 .....	38
Notificación de sentenza, do 2 de xullo de 2010, a Escayolas Carballiño, SL, nos autos 432/2010 .....	38

##### Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a Transportes Creanini, SL, Casa do Pulpo nos autos de despedimento/cesamentos en xeral n.º 535/10 .....	39
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

##### Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense

Citación a Silviu Marian Tufan no xuízo de faltas 725/2010 .....	40
------------------------------------------------------------------	----

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Adjudicación definitiva de la ejecución de la obra "Obra civil para seis plantas depuradoras nodrizas de aguas residuales domésticas y de lodos de fosas sépticas de pequeños núcleos de población del rural ourensano, en el marco de los proyectos Delorur, Tierras do Avia y Arraiano" - términos municipales de O Barco de Valdeorras, Maside y Xinzo de Limia, financiados mediante ayudas FEDER- Eje 5- Desarrollo Local y Urbano -período 2007-2013, PO regional de Galicia, convocatoria 2007-adoptada por Decreto de esta Presidencia provincial de 2 de agosto de 2010 .....	2
Desistimiento de la convocatoria de licitación para la contratación de la ejecución de la obra de acondicionamiento de la carretera provincial Gustei (N-525)-Os Peares (N-120). Tramo Gustei-Ponte da Barra .....	2

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Castro Caldelas

Convocatoria del procedimiento abierto para la adjudicación del contrato de servicios de la "Redacción del Plan especial de protección y ordenación del conjunto histórico-artístico del Ayuntamiento de Castro Caldelas" .....	3
Aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora del servicio de ayuda en el hogar (SAH) .....	19
Aprobación definitiva de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa de ayuda en el hogar .....	36

#### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

##### Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense

Citación para acto de conciliación y juicio a Construcciones Rutunel, SL, en los autos de procedimiento ordinario 579/10 .....	38
Notificación de sentencia, de 2 de julio de 2010, a Escayolas Carballiño, SL, en los autos 432/2010 .....	38

##### Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a Transportes Creanini, SL, Casa do Pulpo en los autos de despido/ceses en general n.º 535/10 .....	39
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

##### Juzgado de Instrucción n.º 2 de Ourense

Citación a Silviu Marian Tufan en el juicio de faltas 725/2010 .....	40
----------------------------------------------------------------------	----



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

#### Anuncio de adjudicación definitiva

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase a resolución de adjudicación definitiva da execución da obra "Obra civil para seis plantas depuradoras nodrizas de augas residuais domésticas e de lodos de fosas sépticas de pequenos núcleos de poboación do rural ourensán, no marco dos proxectos Delorur, Terras de Avia e Arraiano" - termos municipais do Barco de Valdeorras, Maside e Xinzo de Limia, financiados mediante axudas FEDER- Eixe 5- Desenvolvemento Local e Urbano -período 2007-2013, PO rexional de Galicia, convocatoria 2007- adoptada por Decreto desta Presidencia provincial do 2 de agosto de 2010, co seguinte contido:

Unha vez completado o expediente para a contratación, por procedemento negociado con publicidade, da execución da obra "Obra civil para seis plantas depuradoras nodrizas de augas residuais domésticas e de lodos de fosas sépticas de pequenos núcleos de poboación do rural ourensán, no marco dos proxectos Delorur, Terras de Avia e Arraiano" - termos municipais do Barco de Valdeorras, Maside e Xinzo de Limia, financiados mediante axudas FEDER- Eixe 5- Desenvolvemento Local e Urbano - período 2007-2013, PO rexional de Galicia, convocatoria 2007-, adoptada por Decreto desta Presidencia provincial do 2 de agosto de 2010, con anuncio de licitación no perfil do contratante do 12 de agosto de 2010 e anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea do 14 de agosto de 2010, con apertura de documentación administrativa xeral o 30 de agosto de 2010, apertura de proposicións económicas o 31 de agosto de 2010, e no uso das atribucións previstas no apartado primeiro da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante LCSP), dispoño:

Adxudicarlle definitivamente este expediente á UTE Sercoysa Proyectos y Obras, SA - Tesagua Tecnologías, SL que formula oferta económica polo importe de 532.811,10 €, correspondéndolle ó valor estimado (sen IVE) a cantidade de 451.534,83 € e ó IVE aplicable a cantidade de 81.276,27 €, así como as mellores que figuran na documentación.

Ourense, 21 de setembro de 2010. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

#### Diputación Provincial de Ourense

##### Anuncio de adjudicación definitiva

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 135.3 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos del sector público, se publica la resolución de adjudicación definitiva de la ejecución de la obra "Obra civil para seis plantas depuradoras nodrizas de aguas residuales domésticas y de lodos de fosas sépticas de pequeños núcleos de población del rural ourensano, en el marco de los proyectos Delorur, Tierras de Avia y Arraiano" - términos municipales de O Barco de Valdeorras, Maside y Xinzo de Limia, financiados mediante ayudas FEDER- Eje 5- Desarrollo Local y Urbano - período 2007-2013, PO regional de Galicia, convocatoria 2007- adoptada por Decreto de esta Presidencia provincial de 2 de agosto de 2010, con el siguiente contenido:

Una vez completado el expediente para la contratación, por procedimiento negociado con publicidad, de la ejecución de la obra "Obra civil para seis plantas depuradoras nodrizas de aguas residuales domésticas y de lodos de fosas sépticas de

pequeños núcleos de población del rural ourensano, en el marco de los proyectos Delorur, Tierras de Avia e Arraiano" - términos municipales de O Barco de Valdeorras, Maside y Xinzo de Limia, financiados mediante ayudas FEDER- Eje 5- Desarrollo Local y Urbano - período 2007-2013, PO regional de Galicia, convocatoria 2007-, adoptada por Decreto de esta Presidencia provincial de 2 de agosto de 2010, con anuncio de licitación en el perfil del contratante de 12 de agosto de 2010 y anuncio de licitación en el Diario Oficial de la Unión Europea de 14 de agosto de 2010, con apertura de documentación administrativa general el 30 de agosto de 2010, apertura de proposiciones económicas el 31 de agosto de 2010, y en el uso de las atribuciones previstas en el apartado primero de la disposición adicional segunda de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos do sector público (en adelante LCSP), dispongo:

Adjudicar definitivamente este expediente a la UTE Sercoysa Proyectos y Obras, SA - Tesagua Tecnologías, SL que formula oferta económica por el importe de 532.811,10 €, correspondiéndole al valor estimado (sin IVA) la cantidad de 451.534,83 € y al IVA aplicable la cantidad de 81.276,27 €, así como las mejoras que figuran en la documentación.

Ourense, 21 de septiembre de 2010. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

R. 4.223

#### Deputación Provincial de Ourense

##### Anuncio

Desistencia da convocatoria de licitación para a contratación da execución da obra de acondicionamento da estrada provincial Gustei (N-525)-Os Peares (N-120). Treito Gustei-Ponte da Barra

Unha vez que se advertiron erros no expediente aprobado para a contratación da execución da obra de acondicionamento da estrada provincial Gustei (N-525)- Os Peares (N-120). Treito Gustei-Ponte da Barra, esta presidencia resolve desistir da convocatoria efectuada mediante publicación de anuncio de licitación no BOP do 22 de setembro de 2010, co fin de que, logo de corrixidos os defectos advertidos, se proceda a unha nova convocatoria con idéntico obxecto.

Ourense, 23 de setembro de 2010. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

#### Diputación Provincial de Ourense

##### Anuncio

Desistimiento de la convocatoria de licitación para la contratación de la ejecución de la obra acondicionamiento de la carretera provincial Gustei (N-525)-Os Peares (N-120). Tramo Gustei-Ponte da Barra

Una vez que se advirtieron errores en el expediente aprobado para la contratación de la ejecución de la obra de acondicionamiento de la carretera provincial Gustei (N-525)-Os Peares (N-120). Tramo Gustei-Ponte da Barra, esta presidencia resuelve desistir de la convocatoria efectuada mediante publicación del anuncio de licitación en el BOP de 22 de septiembre de 2010, con el fin de que, una vez subsanados los defectos advertidos, se proceda a una nueva convocatoria con idéntico objeto.

Ourense, 23 de septiembre de 2010. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

R. 4.225



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### Castro Caldelas

###### Anuncio

De conformidade coa Resolución da Alcaldía, con data 20 de setembro de 2010, por medio deste anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, para a adxudicación do contrato de servizos da "Redacción do Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico do Concello de Castro Caldelas", conforme ós seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora:
    - a) Organismo: Concello de Castro Caldelas.
    - b) Obtención de documentación e información: rúa do Concello n.º 1 32760 Castro Caldelas. Tfno.: 988 203 000. Fax: 988 203 481. Correo electrónico: correo.castrocaldelas@fegamp.es.
  2. Obxecto do contrato: Redacción do Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico-artístico do Concello de Castro Caldelas.
  3. Tramitación e procedemento.
    - a) Tramitación: urxente.
    - b) Procedemento: aberto con varios criterios de adxudicación
  4. Orzamento base de licitación. 116.790,25 € sen IVE, e 137.812,50 € con IVE
  5. Garantías esixidas: provisional non se esixe; definitiva 5% do prezo de adxudicación do contrato, excluído IVE.
  6. Requisitos específicos do contratista:
    - a) Clasificación: non se esixe.
    - b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: artigo 14 g) do prego.
  7. Presentación de ofertas:
    - a) Data límite de presentación: 13 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no último dos boletíns (BOP, DOG e perfil do contratante (<http://www.depourense.es/web/contratación.htm>)).
    - b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Castro Caldelas.
  8. Apertura de ofertas e criterios de adxudicación: artigos 16 e 17 do prego.
- Castro Caldelas, 20 de setembro de 2010. O alcalde.  
Asdo.: Eladio Osorio Castro.

###### Anuncio

*De conformidad con la Resolución de la Alcaldía, con fecha 20 de septiembre de 2010, por medio de éste anuncio se efectúa convocatoria del procedimiento abierto, oferta económica mente más ventajosa, varios criterios de adjudicación y tramitación urgente, para la adjudicación del contrato de servicios de "Redacción del Plan especial de protección del casco histórico-artístico del Ayuntamiento de Castro Caldelas", conforme a los siguientes datos:*

1. Entidad adjudicadora:
  - a) Organismo: Ayuntamiento de Castro Caldelas.
  - b) Obtención de documentación e información: calle de O Concello n.º 1 32760 Castro Caldelas. Tfno: 988 203 000. Fax: 988 203 481. Correo electrónico: correo.castrocaldelas@fegamp.es.
2. Objeto del contrato: Redacción del plan especial de protección y ordenación del conjunto histórico-artístico del Ayuntamiento de Castro Caldelas.
3. Tramitación y procedimiento.
  - a) Tramitación: urgente.
  - b) Procedimiento: abierto con varios criterios de adjudicación

4. Presupuesto base de licitación. 116.790,25 € sin IVA, y 137.812,50 € con IVA

5. Garantías exigidas: provisional no se exige; definitiva 5% del precio de adjudicación del contrato, excluido IVA.

6. Requisitos específicos del contratista:

a) Clasificación: no se exige.  
b) Solvencia económica y financiera, y solvencia técnica y profesional: artículo 14 g) del pliego.

7. Presentación de ofertas:

a) Fecha límite de presentación: 13 días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del anuncio en el último de los boletines (BOP, DOG y perfil del contratante (<http://www.depourense.es/web/contratación.htm>)).

b) Lugar de presentación: Registro General del Ayuntamiento de Castro Caldelas.

8. Apertura de ofertas y criterios de adjudicación: artículos 16 e 17 del pliego.

Castro Caldelas, 20 de septiembre de 2010. El alcalde.

Fdo.: Eladio Osorio Castro.

R. 4.210

##### Castro Caldelas

###### Anuncio

O Pleno do Concello de Castro Caldelas, en sesión ordinaria que tivo lugar o 14 de setembro de 2010, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Castro Caldelas, unha vez resolta a reclamación presentada e incorporada a esta a modificación derivada da reclamación estimada, o que se publica para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra os acordos de aprobación definitiva os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Castro Caldelas, 14 de setembro de 2010. O alcalde.

Asdo.: Eladio Osorio Castro.

###### Anexo

"Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) do Concello de Castro Caldelas

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a adaptación do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Castro Caldelas segundo o establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

Artigo 2. Definición e obxectivos do servizo.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha



perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

O servizo terá un carácter complementario e transitorio, que non exixe ás familias das súas responsabilidades.

Son obxectivos do SAF:

- a) Mellora-la calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilita-la permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potencia-la autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recupera-las redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evita-la institucionalización.
- g) Reforza-la solidariedade e potencia-lo voluntariado social.

Artigo 3. Contido do servizo.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

Atencións de carácter básico:

1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.

• Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

2. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

• Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

3. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de roupa de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atencións poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

4. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade, así como á mellora da estruturación familiar.

Atencións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo,

incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Atencións excluídas do servizo:

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 4. Persoas destinatarias.

O servizo de axuda no fogar estará aberto a tódalas persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

De xeito particular, o servizo atenderá:

- A persoas maiores con déficits de autonomía e que precisen axuda de terceiras persoas para o desenvolvemento das súas necesidades básicas, que carezan de apoio familiar.
- A persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, e a través deste servizo poidan favorecer-la súa permanencia no domicilio.
- A familias con menores que precisen dunha intervención de carácter socioeducativo e poidan mellora-la súa calidade de vida.

• A familias en risco de exclusión social ás que se lles poderá dar unha resposta preventiva e socializadora.

Daráselles prioridade no acceso ó servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Capítulo II. Dos dereitos e deberes

Artigo 5. Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco do dereitos que con carácter xeral se lles recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
- A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- A coñeceren a situación do seu expediente.
- Ó tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

• A presentaren queixas e suxestións ó persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 6. Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, ademais dos deberes recoñecidos con carácter xeral no artigo 37 da Lei 4/1993, de servizos sociais, terán tamén os seguintes:

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ó persoal ó cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- Respecta-la dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respecta-los límites das súas obrigas laborais.



- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen un cambio na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

- Participar no pagamento do servizo nos termos que se establece na súa norma reguladora.

- A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedi-la prestación do servizo.

Artigo 7. Deberes xerais do persoal do servizo.

- O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e a súa familia interfira no traballo.

- Respetará a intimidade do usuario e gardará a debida confidencialidade.

Deberes do/a auxiliar de axuda no fogar:

- A auxiliar non debe facer partícipes ós usuarios e a familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.

- Non se poderá acudir ó lugar de traballo acompañados de persoas alleas ó servizo.

- Non se poderá recibir en custodia cartos, xoias nin obxectos.

- Non se permite recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do usuario a/o auxiliar de axuda no fogar (cartos, regalos...).

- Non se disporá das chaves de ningún domicilio salvo autorización por escrito do usuario.

- En caso de ausencia ó traballo deberá comunicalo coa maior antelación posible, trala autorización do xefe de persoal a o usuario e o xefe do servizo.

Capítulo III. Modalidades de acceso e procedemento.

Artigo 8. Modalidades de acceso ó servizo.

Accederase ó SAF a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ó servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa individual de atención, consonte co establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ó catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ó servizo, previa prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta ordenanza municipal.

3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederáse nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 deste artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Artigo 9. Procedemento de tramitación.

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado por un traballador social.

2. No acceso directo ó servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ó programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ó servizo.

3. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

- A solicitude farase por escrito segundo o anexo I dirixida ó Sr. alcalde.

- Unha vez formalizada a solicitude e presentada a documentación pertinente no Rexistro municipal, o persoal técnico dos servizos sociais de atención primaria do concello procederá á comprobación dos datos proporcionados, á correspondente visita domiciliar e á avaliación das solicitudes, segundo os baremos establecidos nesta ordenanza (anexo II) e emitirán un informe, preceptivo e vinculante, no que se determinará a idoneidade do servizo e a intensidade recomendable para cada caso concreto.

- O alcalde, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, será o órgano competente para ditar resolución, desestimando a solicitude ou concedendo a prestación do servizo para o exercicio en curso ou período inferior.

- A resolución seralle comunicada ó interesado e, unha vez notificada, deberán acordarse as condicións básicas da prestación.

- Será requisito imprescindible para o inicio da prestación do servizo que o beneficiario asine o contrato interno segundo o anexo III.

- No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata.

Artigo 10. Requisitos.

Para ter dereito ó servizo de axuda no fogar será imprescindible cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado e ter residencia efectiva no concello.

- Non percibir axuda doutra institución ou entidade para a mesma finalidade.

- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal, que precise doutro tipo de atención especializada ou internamento nun centro ou institución axeitado.

- No caso daqueles usuarios por libre concorrencia que cumprindo os requisitos esixidos nos apartados anteriores teñan familiares que se poidan encargar deles pero se negan a facelo, a valoración dos servizos sociais do concello será decisiva na súa concesión ou denegación, sen entrar a valoralas restantes condicións que deba cumprilo solicitante.

- Ter recoñecido dereito de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 11. Solicitudes e documentación que se achegará.

O servizo de axuda no fogar será prestado polo Concello de Castro Caldelas, ben de oficio ou a instancia de parte.

1. De oficio: o concello iniciará de oficio o expediente de prestación do servizo nos casos de necesidade urxente do servizo, e sempre previa valoración positiva dos servizos sociais do concello, e en función da dispoñibilidade deste.

2. A instancia de parte: as solicitudes de prestación de axuda no fogar deberanse formular unicamente nos modelos dispostos para tal fin dirixido ó/a señor/a alcalde/esa, e presentarase no Rexistro municipal do concello; a tal fin empregarase unicamente a solicitude publicada no anexo I desta orde, e que se poderán recoller nas dependencias do concello, e presentar debidamente cubertos, engadindo os seguintes documentos que deben estar en vigor na data da presentación ou ben acompañados dunha fotocopia do resguardo de renovación destes. Presentaranse obrigatoriamente os orixinais para a súa compulsa.



A documentación é a seguinte:

- Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia do solicitante ou permiso de residencia e/ou pasaporte do seu país en vigor. E, de se-lo caso, do resto de compoñentes da unidade familiar.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do beneficiario.
- Certificado de empadramento e informe de convivencia.
- Informes médicos do beneficiario e familiares que precisen xustifica-las súas limitacións.
- Certificado de minusvalía, e/ou resolución do grao e nivel de dependencia.
- Xustificantes de ingresos da unidade familiar.
- Fotocopia da declaración da renda e patrimonio ou certificado negativo de Facenda, así como declaración xurada de ingresos complementarios.
- Certificados de pensión.
- Xustificantes de rendas de traballo (nóminas, certificados de empresa...)
- Certificados do INEM das prestación que poidan percibir.
- Tarxeta de demanda de emprego (cando sexa necesario).
- Certificación de xuros bancarios.
- Calquera outra documentación que os servizos sociais do concello poidan estimar como necesario para a valoración do dereito, en cada caso en concreto.

Artigo 12. Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, as fins de semana e festivos.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

Capítulo IV. Da modificación, concesión ou suspensión provisional, ou extinción do servizo.

Artigo 13. Causas de extinción e modificación do servizo.

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- A renuncia da persoa usuaria.
- O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Falecemento da persoa usuaria.
- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- A falta reiterada de pagamento do servizo.
- A falsificación dos datos ou documentación, no caso de tratarse de datos económicos poderá levar consigo o reintegro do 100% do custo do servizo dende a data de alta.
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- Cando o concello deixe de presta-lo servizo, ben por falta de medios económicos ou persoais.

A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

Artigo 14. Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ó expediente persoal, as que seguen:

- Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Capítulo V. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

Artigo 15. Capacidade económica.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ó seu patrimonio. Teranse en conta ademais as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio ateranse ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico do que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos de cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos casos de cotitularidade só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependan economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Artigo 16. Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.



2. Regularase o copagamento do servizo cumprindo os seguintes límites:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 100%, pero que non exceda do 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirá un mínimo dun 10% e un máximo do 20% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 300%, pero que non exceda do 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirá un mínimo dun 21% e un máximo do 60% do custo do servizo.

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 500% do indicador público de renda de efectos múltiples asumirá un mínimo dun 61% do custo do servizo e un máximo do 65% do custo do servizo.

3. Sen prexuízo do establecido na liña anterior, poderán contemplarse excepcións ós criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordala concesión do servizo.

Capítulo VI. Recursos humanos.

Artigo. 17 Persoal.

1. Débese ter en conta que o número e cualificación persoal das persoas que traballan no SAF dependerá en última instancia das necesidades que presente o Concello de Castro Caldelas, así como dos recursos dispoñibles ou potenciais dos que dispoña.

2. Na prestación deste servizo intervirán:

- A traballadora social de atención primaria do concello.
- Auxiliares de axuda no fogar.
- Se o servizo está externalizado, persoal da empresa contratada a tal efecto, que leve a cabo a prestación.
- Outros profesionais ou persoal voluntario.

Encoméndanselle-las seguintes funcións e tarefas ós distintos grupos de profesionais:

A) Á traballadora social do concello encomendaráselle as seguintes funcións e tarefas:

a) Labores de carácter técnico en coordinación cos profesionais do equipo ou en colaboración cos outros servizos ou programas que pertencen a estes servizos sociais ou a outros de protección social.

b) Recibi-la demanda ou detecta-la necesidade do servizo.

c) Estudo da valoración da situación presentada.

d) Deseño do proxecto de intervención axeitado á valoración e avaliación do proxecto.

e) Formulación da estratexia para seguir, asignar as/os auxiliares do fogar máis axeitadas/os a cada beneficiario/a.

f) Supervisión do servizo efectivamente prestado, a través de visitas domiciliarias e demais xestións que considere oportunas para o seu seguimento que serán realizadas sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual.

g) Presentación periódica dos informes de seguimentos, nos que constarán as incidencias máis significativas, poderán propoñer ós Servizos Sociais Municipais as modificacións xustificadas do proxecto de intervención e no acordo de servizo e no horario de prestación do servizo de cada usuario/a, e calquera outra modificación que se estime oportuna, que serán aprobadas de resultar procedentes no seu caso polo Servizos Sociais Municipais.

h) Comunicación de calquera circunstancia que supoña a modificación das circunstancias sociais, familiares, persoais, económicas, etc, de cada usuario/a con relación para os efectos de posibles modificacións ou extinción do dereito o servizo.

i) Mantemento de reunións periódicas co/a traballador/a social do concello e coas auxiliares do SAF.

j) Reforzo da formación e reciclaxe continua dos/as auxiliares SAF.

Se o servizo está externalizado corresponderalle á traballadora social da empresa as funcións correspondente dende o punto e) ata o j).

B) Auxiliares de axuda no fogar. Son os profesionais que se encargarán da execución do servizo ou prestación. Realizarán tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto periódico e directo cos usuarios do servizo, a súa familia e o seu contorno. No caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, estarán en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade. As funcións concretas serán:

- Asistenciais: atencións de carácter persoal e doméstico.
- Orientacións en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- Educativas: potenciando o protagonismo do usuario, non o substituíndo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmos e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
- Colaborar coa traballadora social na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo.

Este persoal será formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo un sistema de reunións periódicas de avaliación e formación nas que se lles vaian dando resposta a problemas concretos que presente o servizo.

C) Outros profesionais: coordinados pola traballadora social, tales como educador social/familiar, psicólogo, etc.

Nas funcións que, en rigor, corresponden ó campo sanitario, tales como curas persoais, inxeccións, etc. e todas aquelas referentes á saúde será preciso unha estreita colaboración coordinando o SAF cos servizos sanitarios do centro de saúde, hospital ou servizo sanitario correspondente.

D) Voluntarios: son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración, complementando, de forma coordinada, as funcións e tarefas do persoal profesional anteriormente mencionado e sempre dentro do corresponde programa de intervención.

Dado o seu carácter de relación interpersoal, da diversidade, da flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeña-los voluntarios serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación, ocupación de tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima.

Cómpre unha actuación organizada do voluntariado, a través dun programa de traballo continuo e estable, cuns obxectivos claros e previamente establecidos en concordancia coa dos profesionais, así como a conveniente formación para o desempeño das tarefas.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo concello, publicado o seu texto completo no BOP, e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/ 1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2. do mesmo texto legal.

ANEXO I

SOLICITUDE DO PROGRAMA AXUDA NO FOGAR

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

1º APELIDO: \_\_\_\_\_ 2º APELIDO \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_

CP: \_\_\_\_\_ PARROQUIA \_\_\_\_\_

CONCELLO: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

TELÉFONO/S: \_\_\_\_\_

1. DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

Nome e apelidos	Parentesco	Data de nacemento	Teléfono
1			
2			

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Sinatura

Ó alcalde do Concello de Castro Caldelas





## ANEXO II

## BAREMO PARA DETERMINAR LA ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

(Modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria).

## FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100% discapacidade ata 14 puntos ATP		81%-87% discapacidade e 15-29 puntos ATP		88%-93% discapacidade e 30-44 puntos ATP		94%-100% discapacidade e 45-72 puntos ATP	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75% discapacidade e ata 24 puntos BVD	25-39 puntos BVD	40-49 puntos BVD	50-64 puntos BVD	65-74 puntos BVD	75-89 puntos BVD	90-100 puntos BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. ATP RD 1971/1999
			Grao I, Nivel 1	Grao I, Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 2	Situación de dependencia. Decreto 176/2007
5 puntos	10 puntos	14 puntos.	20 puntos	24 puntos	30 puntos	32 puntos	38 puntos	40 puntos	PUNTUACIÓN Nivel de autonomía persoal

**FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)**

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos):

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos):

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos):

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos):

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos):

Con incapacidade para organizarse (3 puntos):

Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidade (8 puntos):

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km ( 5 puntos):

Está ben atendido (0 puntos):

Total puntos Apoio Social \_\_\_\_\_ -

**FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)***3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)*

-Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)

-Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)

-Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)

-Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)

*3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)*

Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións ós menores (2 puntos)

*3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)*

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)

*3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)*

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)

*3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)*

-Un menor (3 puntos)

-Dous menores (5 puntos)

-Tres menores (7 puntos)

-Catro ou máis menores (10 puntos)

**FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)***4.1. Vivenda (total 10 puntos)*

- Non hai luz eléctrica (1 punto)
- Non hai auga corrente (1 punto)
- Non posúe WC (1 punto)
- Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)
- Non ten neveira (1 punto)
- Non ten quentador (1 punto)
- Non ten lavadora (1 punto)
- Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)
- Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)
- Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)

*4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)*

- Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)
- Ausencia de relacións sociais (6 puntos)
- Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)
- Integración axeitada no contorno (0 puntos)



## ANEXO III

## Acordo de servizo de axuda no fogar

Reunidos en ....., o día ..... dunha parte don/dona....., con DNI .....

E doutra ....., en calidade de técnico responsable do servizo de axuda no fogar de Castro Caldelas,

## ACORDAN:

1. Que o Concello de Castro Caldelas prestará o servizo de axuda no fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.
2. Que o SAF se levará a cabo os días da semana \_\_\_\_\_, en horario de \_\_\_\_\_; por un total de \_\_\_\_\_ horas semanais.
